



CONCELLO
DE
VALDOVIÑO

DECRETO Nº 223/2012

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) e de conformidade co disposto nos artigos 30 do Regulamento Orgánico Municipal e 78.1 do ROF polo presente veño en convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o próximo día **20 de xullo ás 20:00 horas** en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debatir os asuntos relacionados no seguinte:

ORDE DO DÍA

I) PARTE RESOLUTIVA

1º.- Aprobación, se procede, da acta de deslinde dos términos municipais de Narón e Valdoviño.

II) PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

2º.- Coñecemento de Decretos e Resolucións da Alcaldía (relacións nº 05/2012 e 6/2012) dos meses de maio e xuño.

3º.- Moción do PSdeG-PSOE sobre a xestión forestal.

4º.- Moción do BNG sobre a política educativa do PP.

5º.- Rogos e Preguntas.

Da presente convocatoria e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos."

En Valdoviño a 17 de xullo de 2012

O ALCALDE

Asdo: José Antonio Vigo Lago